

ANUNCIO

Faise público que de acordo coa Resolución da alcaldía 1271/2025, do 26.09.2025, que se transcribe a continuación sométese a consulta pública, durante un prazo de vinte (20) días, previa á elaboración dunha Ordenanza de circulación e uso da vía pública do Concello de Fene:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONSULTA WEB PREVIA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA.

Expediente: 2025/G013/000001

ANTECEDENTES FÁCTICOS

O día 03.02.2011 foi aprobada a actual ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Debido ao tempo transcorrido, é preciso a aprobación dunha nova regulación que regule a circulación e uso da vía pública, así como que logre a máxima equidade na distribución temporal dos aparcadoiros dispoñibles en superficie.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 25.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (*Boletín Oficial do Estado* número 80, do 03.04.1985) atribúe ao municipio competencias en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, así como transporte colectivo urbano.

Así mesmo, RDL 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LTSV) (*Boletín Oficial do Estado* número 261, do 31.10.2015) e o RD 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación (RXC) (*Boletín Oficial do Estado* número 306, de 23.12.2006). En Galicia, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* número 132, de 12.07.2013).

Asemade, cómpre citar a ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través de beirarrúas, e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga.

O artigo 133 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) (*Boletín Oficial do Estado* número 236, do 02.10.2015) indica o seguinte respecto da consulta pública:

“1. Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

En virtude do que antecede, cómpre someter a consulta pública a elaboración dunha Ordenanza de circulación e uso da vía pública do Concello de Fene, polo que, en base ás competencia que me atribúe o artigo 21 LBRL, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Someter a consulta pública, durante un prazo de vinte días, previa á elaboración dunha ordenanza de circulación e uso da vía pública do Concello de Fene para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I ao presente acordo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

SEGUNDO.- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións respecto diso a través da seguinte caixa de correo: secretaria@fene.gal

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno.

ANEXO I.- Consulta pública

Antecedentes da norma	Ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (<i>Boletín Oficial da Provincia</i> número 23 do 03.02.2011).
Problemas que se pretenden solucionar coa norma	A escaseza de zonas de aparcadoiro do casco urbano, así como a mellora da circulación dos vehículos na vía pública.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Cómpre derrogar a ordenanza actual e aprobar unha nova que introduza as novidades introducidas polo o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LTSV) e Regulamento Xeral de Circulación (RXC), así como a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
Obxectivos da norma	A ordenación do estacionamento e a circulación nas vías urbanas de uso público, conseguindo a máxima equidade na distribución temporal dos aparcadoiros dispoñibles en superficie.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Non se consideran outras alternativas, xa que o obxecto do regulado efectúase no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida no artigo 4 LBRL. A concellería de Seguridade entende que non procede a modificación da ordenanza vixente, senón a aprobación dunha nova pola magnitude dos cambios a introducir.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Fene, asinado dixitalmente polo alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.